

Atlas de Flora Exótica Invasora de Galicia



Colabora no Atlas escribindo a botanica@sghn.org



Carpobrotus edulis (L.) D. E. Br.

É coñecida como uña de gato ou herba coitelo, é unha planta suculenta de orixe sudafricana que foi citada por vez primeira en Galicia, no Grove, no 1900. Foi introducida con fins ornamentais e pola capacidade de fixación de taludes e dunas. É moi invasiva nos cantís mariños, areais e dunas, provocando graves impactos sobre a vexetación, os solos e a fauna. Forma tapices monoespecíficos que alteran as condicións de insolación e o ciclo de nutrientes. Ten efectos fitotóxicos e compite polos recursos coas especies autóctonas diminuindo a biodiversidade. Presenta pétalos rosados ou amarelos e os filamentos dos estames sempre amarelos, a diferenza de *Carpobrotus acinaciformes* (aínda non citada en Galicia) que ten os filamentos rosados.



http://www.sghn.org/Seccion_Botanica/Seccion_Botanica.html